

avaliación LOMLOE

xuño 2022
ORDE do 25 de xaneiro de 2022

Que día remata o curso ?

O derradeiro día lectivo para **TODO O ALUMNADO** é o **22 de xuño**.

Cantas avaliacións hai ? **4**

Hai **3 avaliacións PARCIAIS** e 1 **avaliación FINAL**.


- 3ª avaliación (do 21 de marzo ao 3 de xuño)
- av. final (do 6 ao 22 de xuño)



NON HAI EXAMES DE SETEMBRO !! En xuño decídese se promocionas ou non...

Que faremos entre o 6 e o 22 de xuño?

Actividades de repaso, de ampliación (para subir nota), de recuperación, exames de pendentés...



Paso de curso ?

Poderás promocionar se.... (4 opcións)



Tes 1 ou 2 materias suspensas



Calquera!
Olo! As **materias pendentés** tamén contan!

Tes máis de 2 materias suspensas

e cumpres **TODAS** estas condicións

1. A media aritmética de todas as materias e ≥ 5 .
2. O equipo docente considera que podes seguir con éxito o seguinte curso.
3. O equipo docente considera que tes expectativas de recuperación.
4. O equipo docente considera que che beneficiará na túa evolución académica

Tes máis de 2 materias suspensas,

non cumpres as condicións anteriores pero **xa repetiches 2 veces** entre Educación Primaria e ESO.

Cantas veces podo repetir ?

Só podes repetir **2 veces** entre **Educación Primaria e ESO**, e 1 única vez no mesmo curso.

Estou en 4º... título ?

Si, se **aprobas TODAS as materias**.

OU

Si, se **NON aprobas TODAS as materias** e **cumpres TODAS as seguintes condicións:**

1. A media aritmética de todas as materias e ≥ 5 .
2. Tes todas as competencias adquiridas*.
3. O equipo docente considera que tes os obxectivos de etapa acadados.

* As competencias calcúlanse automaticamente a partir das notas das materias, en función do número de estándares de cada materia que a lei establece que interveñen na súa adquisición.

Podo sacar "matrícula de honra" ?

Si, se estás en **4º da ESO** e a túa **nota media e ≥ 9** .



Olo! Non é automático. Hai un **número limitado** de matrículas de honra en función do número total de alumnado. En caso de empate aplicaranse criterios públicos e obxectivos.